

OBSERVACIÓN DOCENTE

Reunión previa á elaboración da memoria

MESTRES PARTICIPANTES: José Manuel Rego García, Norberto Blanco Dorrió,
M.^a Pilar Iglesias Gómez.

DATA: 14 marzo 2023

1. Posta en común do traballo individual acordado no punto 5 da práctica de reflexión do grupo da sesión do 6 de marzo de 2023.

Revisada de xeito individual toda a documentación elaborada por nós mesmos e a aportada nas sesións de formación, decidimos darlle forma para incorporar a nosa experiencia á AULA VIRTUAL do centro, no apartado de FORMACIÓN DO PROFESORADO.

Deste xeito, todo o profesorado da escola pode acceder aos materiais elaborados, aos aportados polo CAFI e á valoración do programa OBSERVA_ACCIÓN, sempre desde o noso punto de vista.

2. Modificacións xurdidas do proxecto inicial de formación.

Revisado o proxecto de participación no programa “OBSERVA_ACCIÓN 2022-2023” que finalmente acadou a valoración precisa para participar de seu no programa, os intereses, obxectivos e necesidade de realizar os procesos de observación contemplados no programa, seguen a ser completamente válidos e están vixentes.

As **guías de observación** docentes que usabamos de xeito oficioso nos cursos anteriores, ao non ser admitidos no programa, servíronnos de guía e complemento para elaborar as novas **follas de observación** propostas desde o CAFI para o programa na actualidade.

Os horarios de observación sufriron algunha modificación debido a que a necesidade de realizar as observacións nun período moi delimitado e curto de tempo non nos permitiu manter os horarios, pero a boa vontade de todos nós implicados no programa, facilitou este cambio.

3. Melloras a introducir nos procesos de observacións holística e focalizada.

3.1.- Observación holística: Para a práctica reflexiva **antes da observación**, elaborar de xeito máis preciso os aspectos da práctica de aula que máis nos interesan, tanto como observador como observado. Nesta fase, non estamos seguros de que deixar a reflexión tan aberta sexa mellor que tela máis restrinxida.

Durante a observación, posibilidade de incorporar follas de observación máis detalladas, valorando dúbidas, suxestións, xa que nesta observación, ao ser a primeira experiencia para nós, algúns aspectos non eramos quen de observalos.

Despois da observación ser quen de concretar máis os cambios na nosa práctica docente, cústanos moito ser específicos, e falamos de cambios xerais máis que de aspectos concretos, pensamos que é a falla de experiencia neste proceso, tan novo para todos nós.

3.2.- Observación focalizada: Necesidade de máis reunións **antes da observación**, despois da experiencia na que tivemos que elaborar unha grande cantidade de documentos novos. A sesión foi excesivamente longa a pesar do traballo dos tres integrantes do grupo e da boa sintonía entre nós, pero chegamos a un punto no que perdiamos o foco e a obxectividade por mor do cansazo.

Tamén os plans de aula deberán ser máis específicos, os mestres observados tiñamos moi claro o noso plan de traballo pero para os observadores, o plan compartido, ás veces, foi escaso.

Durante a observación, as follas de observación focalizada cumpriron o seu obxectivo, pensamos cando as elaboramos que deixabamos algúns aspectos sen atender, pero nesta reflexión, cremos que foron de gran axuda.

Os cuestionarios de reflexión **despois da observación** axudáronnos nesta primeira experiencia, pero vista a exigencia de todos nós por mellorar, cremos que precisarán máis concreción.

4. Cambios individuais e de grupo despois destes procesos de observación.

Acordamos reflexionar máis polo miúdo sobre os cambios individuais sobre a nosa tarefa docente para non deixarnos influír polas ideas dos outros mestres e incorporalas á memoria definitiva.

Como grupo, o feito de pasar máis tempo xuntos reflexionando e modificando aspectos concretos da nosa metodoloxía de traballo por mor de observar aos compañeiros, creando un clima de confianza, respecto e aprender desde fora, xa sería dabondo como resumo destas observacións, máis aló do foco específico da liña de traballo elixida, neste caso, a liña 5, competencia comunicativa: Programas de Plurilingüismo e Internacionalización dos centros educativos.

Concretaremos os cambios na memoria definitiva na próxima sesión.

5. Mirando cara ao futuro.

Mereceu a pena esta experiencia a pesar das presas polo pouco tempo para desenvolver tantas tarefas, por aprender tantos termos novos, por elaborar tanta documentación, por ter tantas dúbidas sobre se o traballo que ía no bo camiño, por se estabamos dando o mellor de nós e aínda así non chegabamos?

Sen ningunha dúbida, **a resposta é SI**. Nós como grupo seguiremos nesta dinámica, tanto se seguimos pasando de Fase como se non. A experiencia nesta primeira fase da observación foi intensa pero enormemente satisfactoria.

E polas experiencias vividas con outros compañeiros/as que non participaron este curso pero amosaron moita curiosidade polo programa, pensamos que este xeito de traballo se estenderá a máis docentes, inquedados por coñecer outras dinámicas de formación.